ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES CHAN DO MONTE.
CURSO: INFORMÁTICA DE OFICINA.
MATERIA: Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
DEPARTAMENTO: Informática.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Resultados de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Resultados de aprendizaxe
CA 4.2 - Verificouse que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST ("power on self test") e, de ser o caso, identificouse a orixe dos problemas.	RA 4 - Comproba a funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados, utilizando procedementos de test axeitados.
CA4.7 - Rexistráronse os resultados e as incidencias producidas nos procesos de comprobación da funcionalidade dos sistemas microinformáticos.	
CA 5.2 - Describíronse os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos.	RA 5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir.
CA 5.4 - Describíronse as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento.	
CA 7.1 - Describíronse as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático.	RA 7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: a) Farase un exame escrito que pode constar de varias probas escritas - O exame realizarase a través da aula virtual do IES Chan do monte, e a plataforma de vídeo conferencia webex, onde o profesor pode solicitar ao alumno/a que lle comparta a pantalla, ou que active a cámara web para demostrar que e o alumnado esta facendo o exame. - Valorarase entre 0 e 10 puntos. - O exame e cada proba escrita considérase superada cando alcanza polo menos a nota de 5 puntos. - É imprescindible aprobar tódalas probas no que se divide un exame para poder aprobar este. - Si se detecta que o alumno/a copiou parcialmente ou totalmente, ou empregou ferramentas non autorizadas polo profesor, realizará un novo exame ou proba proposta polo profesor. b) Tarefas propostas por cada unidade de traballo. - É imprescindible acadar a valoración de APTA para superar as tarefas. - Si se detecta que o alumno/a copiou parcialmente ou totalmente a tarefa considerarase NON APTA. - Puntuaranse entre 0 e 10 puntos. A nota da 3º avaliación calcularase da seguinte forma: redondeo ó número enteiro máis próximo do seguinte cálculo (70% * media das notas das probas escritas + 30% * media das notas das tarefas).
	Instrumentos: CA4.2 - PE.1 - Verificación da funcionalidade dos sistemas. CA4.7 - PE.2 - Verificación da funcionalidade dos sistemas. CA5.2 - PE.3 - Consumibles de periféricos. CA5.4 - PE.4 - Mantemento de sistemas. CA7.1 - PE.5 - Transporte e almacenaxe de compoñentes.
Cualificación final	Calcularase da seguinte forma: a media das notas da 1ª e 2ª avaliación + 20% da nota obtida na 3ª avaliación . Se a nota resultante fora maior a 10 puntos, na avaliación final porase 10 puntos.
Proba extraordinaria de setembro	O alumno/a realizará un exame onde se avaliará as unidades didácticas das avaliacións non superadas. O exame escrito que pode constar de varias probas escritas. - O exame realizarase a través da aula virtual do IES Chan do monte, e de seguiren na situación de estado de alarma ou confinamento domiciliario, usarase a plataforma de vídeo conferencia webex, onde o profesor pode solicitar o alumnado que lle comparta a

	pantalla ou que active a cámara web para demostrar que é o alumno/a quen está facendo o exame. - Valorarase entre 0 e 10 puntos. - O exame e cada proba considérase superada cando alcanza polo menos a nota de 5 puntos. - É imprescindible aprobar tódolos exames ou probas escritas correspondentes as unidades didácticas suspensas correspondentes para poder aprobar o módulo. - Si se detecta que o alumno/a copiou parcialmente ou totalmente, ou empregou ferramentas non autorizadas por profesor, suspenderá o exame. - A nota obtida no exame será a nota final do módulo.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non aplica.
	Criterios de cualificación Non aplica.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non aplica.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).	
Actividades	Para o alumnado que non supere algunha das unidades didácticas da 1ª e 2ª avaliación deseñaranse tarefas similares aos realizados durante o curso, e tamén se realizarán probas escritas. As tarefas serán titorizados e orientados polo profesor a través da plataforma de vídeo conferencia Webex. A avaliación da recuperación da 1ª e 2ª avaliación sería a seguinte: O exame escrito que pode constar de varias probas escritas. - O exame realizarase a través da aula virtual do IES Chan do monte, e a plataforma de vídeo conferencia webex, onde o profesor pode solicitar ao alumno/a que lle comparta a pantalla ou que active a cámara web para demostrar que é o alumno/a o que esta facendo o exame. - Valorarase entre 0 e 10 puntos. - O exame e cada proba considérase superada cando alcanza polo menos a nota de 5 puntos. - Si se detecta que o alumno/a copiou parcialmente ou totalmente, ou empregou ferramentas non autorizadas por profesor, terán que superar as probas pendentes na AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO. - De non superaren esta segunda proba, terán que superar as avaliacións pendentes na AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO. Tarefas propostas por cada unidade de traballo. - É imprescindible acadar a valoración de APTA para superar as tarefas. - Si se detecta que o alumno copiou parcialmente ou totalmente a tarefa considerarase NON APTA. - Puntuaranse entre 0 e 10 puntos. A nota da recuperación das avaliacións pendentes calcularase da seguinte forma: redondeo ó número enteiro máis próximo do seguinte cálculo: 85% * media das notas dos exames + 15% * media das notas das tarefas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para u alumnado con conectividade: Colgarase na aula virtual do IES Chan do Monte o material didáctico correspondente a cada unidade didáctica. O material sería o seguinte: - Os temarios necesarios (en formato doc, odt ou pdf) para superar as unidades didácticas nas que se están traballando. - As tarefas que se van realizar nas unidades didácticas nas que se está traballando, utilizando os recursos proporcionados pola aula virtual.

	- Contido multimedia de plataformas como Youtube ou Educaplay. - Enlaces a páxinas web para ampliar o temario. Para alumnado sen conexión: -Facilitarase semanalmente un pendrive cas tarefas a realizar, e o material necesario para poder realizalas.
Materiais e recursos	- Aula virtual do IES Chan do Monte - Contido multimedia de plataformas como Youtube ou Educaplay. - Enlaces a páxinas web para ampliar o temario.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e as familias a través de espazo Abalar, e correo electrónico simultaneamente.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.